

Abonados individuais: Acceso a todos os servizos da instalación (piscina, spa e ximnasio) en todo o horario de apertura. Descontos nos cursos e actividades.

Abonados familiares: idem que os abonados individuais para os membros da unidade familiar (matrimonio ou parella de feito legalmente constituída e fillos ata 18 anos) ca excepción do acceso ós servizos por límite de idade (spa e ximnasio). Descontos nos cursos e actividades.

Abonados reducido: Modalidade reservada a discapacitados (grao de discapacidade igual ou superior ao 33%) e maiores de 65 anos que gozan dos mesmos servizos e facilidades que os individuais.

Abonados mañá: Usuarios que acceden a todos os servizos da instalación exclusivamente no horario de mañá.

Matrícula abonados: A abonar a primeira vez que un usuario se da de alta como abonado durante a temporada.

Cambio de modalidade: Tarifa polo cambio dunha modalidade de abonado a outra.

Entrada Piscina adultos: Acceso á piscina para usuarios a partir dos 15 anos. Entrada Piscina nenos: Acceso á piscina para nenos/as ata 14 anos (inclusive).

Entrada Ximnasio: Acceso ao ximnasio para usuarios a partir dos 15 anos.

Entrada Completa: Acceso libre á piscina, ximnasio e spa para usuarios a partir dos 15 anos.

Curso abonados: Curso para beneficiarios dos diferentes sistemas de abonos coa mesma taxa para calquera idade.

Matrícula cursos: Tarifa a abonar a primeira vez que un usuario se da de alta como cursillista.

Cursos adultos: Usuarios a partir dos 15 anos.

Curso nenos: Usuarios de 7 a 14 anos.

Curso infantil: Usuarios de 2 a 6 anos.

Colexios: Taxa reservada para os alumnos/as que participan na oferta Municipal de Actividades Acuáticas para Escolares 1 día á semana segundo o calendario escolar (Natación Escolar).

Escola de Actividades Acuáticas: Alumnos/as da Escola que continúan participando na campaña de Natación Escolar.

Aluguer Pista /hora: Aluguer dunha pista do vaso por entidades ou particulares para a utilización específica.

Disposición final:

A modificación da presente Ordenanza aprobada polo Pleno en sesión de data 1 de Outubro de 2013 unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra será de aplicación desde o 1/01/2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.”

Caldas de Reis a 28 de novembro de 2013.—O Alcalde, Juan Manuel Rey Rey.